



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O  
DÍA SEIS DE ABRIL DE 2017, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

**SRES. ASISTENTES:**

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO  
Tenentes de Alcalde: D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS  
D. MANUEL COSTA CARNEIRO  
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN  
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e corenta minutos do día seis de abril de dous mil dezasete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

**ORDE DO DÍA**

**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e tres de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

**2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.**

2.1.- Comunicación previa de obra de don Juan Torre Sánchez. (Expediente núm. 2017/U026/000010 )

Dáse conta do citado expediente de comunicación previa de obra promovido por don Juan Torre Sánchez para muro de peche de parcela en Outeiro (Santa Cruz de Ribadulla) nos termos da memoria técnica achegada, asinada por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 002302400NH43F, emprazada en Outeiro- Santa Cruz de Ribadulla, cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse ao contido da memoria achegada. Previo ao inicio das obras deberá obter a autorización previa do organismo Augas de Galicia por estar as obras pretendidas na zona de afección dun regato.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta e sete euros con setenta e sete céntimos (#67,77#).



2.2.- Instancia núm. 201700000000203 de don Alfonso Doce Portas e dona Susana M<sup>a</sup>. Mareque de la Fuente. (Expediente núm. 2017/U007/000003)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio a efectos de notificacións en Sales, 15 -San Fins de Sales, expoñen que con data do 28 de xullo de 2015 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en Sales (San Fins de Sales) (Licenza número 2015/U008/000012), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Diego Medín Babío en calidade de arquitecto, e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así como na demais lexislación de aplicación, acorda concederlle a licenza solicitada, se ben deberá rematarse a parte do peche da parcela que está sen enfuscar e pintar, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#), xa ingresada nas arcas municipais.

2.3.- Instancia núm. 201700000000308 de dona Silvia Torres López e don Juan J. Claro Rey. (Expediente núm. 2017/U007/000006)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio a efectos de notificacións en Piñeiro, 23 - San Andrés de Illobre, expoñen que con data 27/11/2007 a Xunta de Goberno concedeulles licenza para construción de vivenda unifamiliar en Piñeiro (San Andrés de Illobre, (licenza número 130/2007), nos termos do proxecto achegado e asinado por don Antonio Sabucedo Costa en calidade de arquitecto, e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar as modificacións achegadas xunto coa solicitude de ocupación. Aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#), xa ingresada nas arcas municipais.

2.4.- Instancia núm. 201700000000219 de don José María Rico Junquera e dona María Pereira Albela (Expediente número 2017/U007/000004)

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Pontevedra, expoñen que con data 5 de outubro de 2010 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para construción de vivenda unifamiliar en San Mamede (San Mamede de Ribadulla), (licenza número 2010/008/0000017), e con data do 17 de xaneiro de 2017 concedeulle licenza para legalización de ampliación da vivenda (licenza número 2016/U022/000034) nos termos do proxectos achegados e asinados por don José A. Hernando Ezquerro en calidade de arquitecto. Rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais e do disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (artigo 142), no Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, así coma na demais lexislación de aplicación, acorda concederlles a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de cento vinte euros (#120,00#), xa ingresada nas arcas municipais.

2.5.- Instancia núm. 201700000000256 de dona Rosa María Vilasante Fuentes. (Expediente núm. 2017/U022/000004)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, solicita licenza para obras de mantemento de muro de peche de finca en San Gregorio –San Mamede de Ribadulla (Expediente núm.: 2017/U022/000004), nos termos da documentación técnica achegada, asinada por don Ricardo Sáez Díaz, en calidade de arquitecto.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 002100700NH43F.

Dáse conta do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, con data do 4 de abril de 2017, do que se conclúe que aporta memoria de xustificación da antiga existencia dun muro tradicional de cachotería que cerraba toda a parcela; que o muro na zona sur da parcela e na fronte a un camiño municipal xa non existe parcialmente; que as obras pretendidas implicarían unha reconstrución, que en ningún caso se poden considerar unha simple reforma, posto que o muro xa non existe; que o Plan Xeral de Ordenación Municipal establece, para esa zona, unha aliñación de 5 m. dende o eixo, e que a obra pretendida está a unha distancia inferior. Por isto o muro estaría en situación de fóra de ordenación. Por todo o anterior, enténdese que a obra non se axusta ao establecido polo PXOM vixente.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda denegar a licenza solicitada.

2.6.- Instancia núm. 201700000000370 de Unión Fenosa Distribución, S.A. (Expediente núm. 2017/U022/000012)

Dáse conta da citada instancia na que don José A. Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A, con domicilio en Avda. Arteixo, 171 - A Coruña, solicita licenza para obras de tramo de rede aérea de baixa tensión, un apoio con paso aéreo-subterráneo e acometida para subministración de servizo á vivenda unifamiliar en A Lagoa –Santa Cruz de Ribadulla (Expediente núm.: 2017/U022/000012), e nos termos da documentación técnica achegada asinada por don Miguel Bernal López, en calidade de Enxeñeiro Técnico.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de un ano para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- Executaranse nos termos da documentación técnica achegada.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



3º.- Deberá repoñerse o pavimento do vial municipal, deixándoo nas mesmas condicións nas que estaba.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta euros (#50,00#)

2.7.- Instancia núm. 201700000000351 de don José Ángel Albela Albela.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para obras de ADEGA (351 m<sup>2</sup>) e ALPENDRE (245 m<sup>2</sup>) en Cimadevila (San Miguel de Sarandón-Vedra) (expediente núm.: 2017/U022/000009), e ao mesmo tempo achega comunicación previa para a actividade de Adega (expte.: 2017/U019/000004), en solo cualificado como “Rústico de especial protección agropecuaria. R-2”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don José M. Diego Durán, en calidade de arquitecto, que cumpre, dende o punto de vista técnico o Plan Xeral de Ordenación Municipal vixente do Concello de Vedra.

As actuacións solicitadas executaranse sobre das parcelas con referencia catastral: 15090A50600908 - 15090A50600908. Agrupadas en escritura pública.

Dáse conta tamén da autorización autonómica outorgada con data do 16 de marzo de 2017 (expediente: 2016/022) para a construción da ADEGA, que se incorpora ao expediente, e da resolución do 16 de decembro de 2016 pola que se formula a Declaración de Incidencia Ambiental da actividade de Adega (expediente: CO/2016/102(LFPM)), que se incorpora ao expediente.

A Xunta de Goberno, á vista do contido dos informes emitidos polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

Licenzas de obra: (2017/U022/000009) concederlle as licenzas solicitadas de construción de ADEGA e de construción de ALPENDRE, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.-O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.-. Construírse de acordo co proxecto achegado.

3º.- De conformidade co artigo 39, e) da LSG farase constar no Rexistro da Propiedade, a vinculación da superficie esixible ás construcións e usos autorizados segundo figura nas condicións da autorización autonómica.

4º.- En cumprimento da LSG a cor a utilizar na fachada e cuberta harmonizará coa contorna, de maneira que produza o menor impacto posible e adaptándose ás cores tradicionais da zona.

5º.- En cumprimento da LSG deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento. Deberán solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia.

A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 metros debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



### Licenza de actividade: (2017/U019/000004)

1º.- Tomar coñecemento da comunicación previa de actividade de ADEGA nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Diego Durán e do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais.

2º.- Aprobar a liquidación das taxas establecidas, que ascenderon á cantidade de seiscentos euros (#600,00#).

3º.- Previo ao inicio efectivo da actividade, deberá achegar comunicación previa de inicio de actividade achegando a certificación final da obra, boletíns dos instaladores que sexan precisos e das autorizacións sectoriais oportunas sinaladas na Declaración de Incidencia Ambiental, entre elas: inscrición rexistro industrial, autorización sanitaria, inscrición no Rexistro Xeral de Produtores de Residuos de Galicia, etc.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil setecentos euros (#2.700,00#)

### **3º.- Aprobación de convenios.**

3.1.- Convenio de colaboración co concello de Ordes para o XX Torneo Intermunicipal de fútbol sala sénior.

Dende hai tempo celébrase con periodicidade anual o Torneo Intermunicipal de Fútbol Sala entre varios concellos, no que interveñen os equipos campións das respectivas ligas municipais.

Neste exercicio terá lugar o XX Torneo Intermunicipal de Fútbol Sala o vindeiro 27 de maio, que organizará o concello de Ordes.

A Xunta de Goberno Local acorda asinar un convenio co citado concello, en virtude do cal este concello transferiralle a cantidade de catrocentos (#400,00#) euros como achega para financiar os gastos derivados da organización da actividade. Se o importe total dos gastos é inferior á cantidade achegada polos concellos participantes, reducirase proporcionalmente ao gasto efectivamente executado.

### **4º.- Facturas varias.**

Dáse conta das seguintes facturas:

<i>Número Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe €</i>	<i>Nome Proveedor/Acredor</i>	<i>Descrición</i>
DGT17000023772	14/03/2017	89,00	Telefónica Móviles España, S.A.	Dispositivo router Huawei B315S-22 adquirido para dispoñer de cobertura 4G (a descontar en facturación)
A 12	19/03/2017	3.509,00	Redrum Producciones, S.L.	Representación do espectáculo "Noiteboa" o 19/03/2017 no centro social de Vedra (circuíto cultural 2017 da Deputación)
TA5LH0005663	19/03/2017	23,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax no departamento de Servizos Sociais municipais (cotas mes marzo/2017 e tráfico mes febreiro/2017)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



TA5LH0005666	19/03/2017	18,00	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de fax nas oficinas xerais municipais (cotas mes marzo/2017 e tráfico mes febreiro/2017)
TA5LH0024024	19/03/2017	53,40	Telefónica de España, SAU-Movistar	Servizo de internet nos locais da estación do tren de Santa Cruz (cotas de marzo/2017)
37 1345	15/02/2017	720,00	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo C para a calefacción da biblioteca municipal subministrado o 15/02/2017
P 701355	21/03/2017	291,66	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2016 a marzo/2017 (mes marzo)
Ticket 149563	23/03/2017	4,00	Acredores diversos	Ticket de O Copión Copistería por fotocopias de documentación para enviar ao distrito forestal para limpeza camiños 2017
42	22/03/2017	166,98	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Traballos de reparación persiana e reposición dobre cristal en ventás da Casa das Artes de Nande feitos en marzo/2017
99	20/03/2017	550,55	Mobraferr, s.l.u.	Arrendamento de pisón para obra construción beirarrúas en Paradela-San Xián do 02/03/2017 ao 20/03/2017
841354058	23/03/2017	392,28	Ricoh España, SLU	Lectura de contadores período 01/12/2016-28/02/2017 das fotocopiadoras de servizos sociais, biblioteca e oficinas xerais
149608	24/03/2017	4,00	Acredores diversos	Ticket de O Copión Copistería por fotocopias da documentación enviada ao distrito forestal para limpeza camiños 2017
A/26	31/01/2017	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes xaneiro/2017
A/60	28/02/2017	750,20	Fromico, S.L. (Manuel Baluja)	Servizo de limpeza da casa consistorial mes febreiro/2017
2017/029	22/03/2017	580,32	Xestedec Comunicación	Impresión do boletín informativo municipal de mes de marzo/2017 (núm. 210)
1- 170	27/03/2017	8.572,66	Construcciones Roberto Vales, S.L.	Aumentos da obra de apertura de oco de entrada na fachada da estación de tren de Santa Cruz (RA 530/2016)
A2	27/03/2017	844,69	Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	Materiais e produtos subministrados no 1T/2017 para P.Civil, limpeza diversos locais municipais xornada Camelia e outros
FC9889-6	20/03/2017	298,55	Núñez Rúa Manuel-Claudio O Terrón	Alimentos e produtos de primeira necesidade subministrados en marzo/2017 para atencións de emerxencia social
Recibo nº 689996365050	24/03/2017	1.601,53	Reale Seguros Generales, S.A.	Seguro de accidentes colectivos contratado para os empregados municipais (01/04/2017-01/04/2018, póliza 107160000077)
FC9788 2	30/03/2017	371,25	García Sarandón, S.L.U.	Alimentos e produtos de primeira necesidade subministrados en marzo/2017 para atencións de emerxencia social



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



86 A	29/03/2017	726,00	Otero Saavedra Ramón	Dirección da execución da obra apertura oco en fachada estación de tren Sta. Cruz e coordinación da seguridade e saúde
11	22/03/2017	1.706,10	Instalac. Eléctricas Lino - Casal Neira Lino	Subministro e traballos de montaxe de cadro de enchufes para o escenario da casa da Terceira Idade feitos en marzo/2017
14	30/03/2017	1.842,83	Instalac. Eléctricas Lino - Casal Neira Lino	Subministro de materiais e traballos de mantemento eléctrico en locais e instalacións municipais durante o 1T/2017
Emit- 53	25/03/2017	4.157,51	Construccion Boqueixón, S.L.	Ampliación da rede de abastecemento de auga do lugar de Sol ao de Galegos, en Santa Cruz (adxudicada por RA 70/2017)
Emit- 54	25/03/2017	3.226,10	Construccion Boqueixón, S.L.	Ampliación da rede de abastecemento de auga para subministro ao cemiterio de Santa Cruz (adxudicada por RA 67/2017)
17/3	31/03/2017	1.712,10	Freiría Suárez José María	Servizos de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias prestados durante o mes de marzo/2017
V-03-2017 482	31/03/2017	4.583,33	Ana Naya García, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal mes marzo/2017
V-03-01-2017 483	31/03/2017	3.790,26	Ana Naya García, S.L.	Cota do Concello polo servizo de xestión da escola infantil municipal mes marzo/2017
06/C16-17	28/03/2017	240,00	Sánchez Lojo Delio	Achega municipal ás clases de pintura mes marzo/2017
47	28/03/2017	3.080,66	J. Gomez Souto y Otro, S.C. - Aluminios Vedra	Traballos de fabricación e reposición de ventás sinistradas no local sociocultural de Trobe (gasto sufragado polo seguro)
A/21703203	31/03/2017	97,03	Redes de Telecomunicación Galegas, S.A. (Retegal, S.A.)	Servizos de xestión, programación e mantemento dun terminal RESGAL (Rede Corporativa de Comunicacions Móviles Dixitais de Emerxencias e Seguridade de Galicia) cedido pola Xunta ao Concello nos meses de xan- feb-mar/2017
1704C0118795	01/04/2017	182,66	Securitas Direct España, S.A.	Servizo de mantemento da alarma da biblioteca municipal durante o período 2T/2017
1704C0099296	01/04/2017	179,47	Securitas Direct España, S.A.	Servizo de mantemento da alarma da casa da Terceira Idade durante o período 2T/2017
1704C0166570	01/04/2017	248,66	Securitas Direct España, S.A.	Servizo de mantemento da alarma da casa consistorial durante o período 2T/2017
L 12	31/03/2017	1.450,00	Álvarez Fernández María Eva	Servizos de limpeza no CPI de Vedra durante o mes de marzo/2017
L 13	31/03/2017	76,23	Álvarez Fernández María Eva	Servizo de limpeza prestado no antigo centro médico de Santa Cruz (facturación de 7 horas)
FE17137006586366	02/04/2017	40,90	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico ao bombeo de Neira de Abaixo período 28-02-2017- 28/03/2017
126//17	31/03/2017	100,77	Talleres y Repuestos Barco	Materiais e produtos subministrados en marzo/2017 para a maquinaria da



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



			S.L.	brigada verde
4/2017	01/04/2017	500,00	Escola de Musica de Vedra	Achega municipal ás clases de música na escola de música de Vedra segundo convenio asinado, mes marzo/2017
28-D780-375765	01/04/2017	24,20	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico na nave de Trobe para control horario de persoal municipal período 18/02/2017-17/03/2017
28-D780-375764	01/04/2017	54,45	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo de internet móbil (multidispositivo 45) prestado no período 18/02/2017-17/03/2017
28-D780-376283	01/04/2017	121,83	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo plan empresas móbil (18 liñas) período 18/02/2017-17/03/2017
28-D7U1-029441	01/04/2017	496,95	Telefónica Móviles España, S.A.	Servizo telefónico plan corporativo tarifa única (24 extensións móbiles) período 18/02/2017-17/03/2017
3	31/03/2017	1.314,87	Suárez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes marzo/2017
6	01/04/2016	300,00	Abarrategui Amado Lucia	Curso de formación radiofónica dentro do programa de Voluntariado Xuvenil 2017 de animación sociocultural
FT117 845	30/03/2017	147,29	Comercial Vehículos Industriales TAR, S.L.	Subministro de repostos e revisión do tailgate do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada o 30/03/2017
P17 002259	31/03/2017	235,95	La Voz de Galicia, S.A.	Publicación no periódico do día 22/03/2017 de anuncio sobre modificación do PXOM en San Fins, Santa Cruz e San Pedro
403/7	31/03/2017	302,50	Alquimao S.L.	Arrendamento dunha caseta de obra durante un mes para construción de beirarrúas en Paradela-San Xián
2017/031	03/04/2017	654,61	Xestedec Comunicación	Equipo de megafonía subministrado en abril/2017 (micro, 2 altosfalantes e conector) para os diversos actos municipais
2017/032	03/04/2017	435,60	Xestedec Comunicación	Subministro de materiais e traballos de deseño realizados en abril para os actos da actividade municipal Vedra en Ciencia 2017
F 7.524	30/03/2017	270,79	Plásticos Santi, S.L.	Materiais adquiridos en abril para os actos da actividade municipal Vedra en Ciencia 2017
170302700535	30/03/2017	114,64	Alcampo Santiago	Materiais diversos adquiridos en abril para os actos da actividade municipal Vedra en Ciencia 2017
RMB/17-00170	28/03/2017	150,00	Femp	Cota do concello de Vedra de asociado a Rede <i>Gobernos Locais+Biodiversidade</i> correspondente ao exercicio 2017
17048	04/04/2017	968,00	Persianas Metálicas, S.C. - Persigal	Fabricación de tres reixas para a casa sociocultural de Trobe (gasto sufragado pola compañía aseguradora)
3/2017	30/03/2017	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal ás clases de música en Santa Cruz (segundo convenio) mes marzo/2017
1 000105	03/04/2017	121,00	Conde Miranda Ana (Teovivo)	Publicación de anuncio sobre a Festa do Viño da Ulla 2017 no periódico Teovivo





## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




				do mes de abril
3052268	31/03/2017	258,94	MHP Servicios de Control, S.L.	Servizo integral de control horario do persoal municipal período 01/03/2017-31/03/2017
9/2017	31/03/2017	2.469,91	Fermín González Blanco, S.L.U.	Honorarios polos informes e xestións urbanísticas do Concello realizadas durante o mes de febreiro/2017
GAL00277117F00005	31/03/2017	5.619,10	Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Xestión dos servizos municipais de saneamento e depuración mes marzo/2017
11 10021595	01/04/2017	93,60	Wolters Kluwer España, SA	<i>Formularios da Administración Local</i> para a Secretaría municipal adquiridos en abril/2017
0195/E17	31/03/2017	175,86	Talleres San Fins S.L.	Reparacións da maquinaria da brigada verde realizadas durante o mes de marzo/2017
0196/E17	31/03/2017	1.056,54	Talleres San Fins S.L.	Reparacións da retroscavadora Fiat E6073BBD efectuadas durante o mes de marzo/2017
0197/E17	31/03/2017	169,94	Talleres San Fins S.L.	Cambio de aceite e catro lámpadas do tractor J. Deere E2564BDT realizado o 27/03/2017
0198/E17	31/03/2017	212,21	Talleres San Fins S.L.	Reparación de chanzos do tractor J. Deere E7264BFN realizada o 17/03/2017
0199/E17	31/03/2017	1.953,82	Talleres San Fins S.L.	Reparacións da rozadora avanzada e do remolque de dous eixes realizadas durante o mes de marzo/2017
17-393	31/03/2017	108,61	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado o 14/03/2017
17-401	31/03/2017	278,00	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e luvas para o camión de lavar os colectores do lixo 7409BPK subministrado o día 29/03/2017
17-402	31/03/2017	1.172,23	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados no mes de marzo/2017
17-403	31/03/2017	184,57	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada durante o mes de marzo/2017
17-404	31/03/2017	21,40	Puente Ulla S.L.	Aceite para o vehículo Nissan C6247BF subministrado o 17/03/2017
A/18.923	31/03/2017	1.216,44	Marbe Hispania, S.L. - Hormigones	Formigón para a obra de construción de beirarrúas en Paradela-San Xián subministrado en marzo/2017
17-405	31/03/2017	13,50	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a formigoneira da brigada de obras subministrada no mes de marzo/2017
17-406	31/03/2017	75,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a realización da Ruta BTT da Camelia 2017 (vehículos dos voluntarios participantes)
Liquidación	04/04/2017	635,29	Santalla Dos Santos Emily	Impartir un curso formativo de traballo corporal para a Terceira Idade en decembro/2016 e no 1T/2017
1 5795/2017	31/03/2017	3.451,45	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo/2017 (horas de libre concorrencia)



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



1 5796/2017	31/03/2017	20.501,74	Servital Servicios Sociosanitarios, S.L.	Prestación do servizo de axuda no fogar para a Dependencia mes marzo/2017 (horas laborables e festivas)
Liquid. 170120795656	04/04/2017	74,85	Deputación Provincial da Coruña	Taxas provinciais para realización obra asfaltado terreos en San Xián (incluída no POS+Complementario/2017)
Recibo 20170401	01/04/2017	61,50	DTS, SA (Digital +)	Subscrición a Movistar+ para a casa da Terceira Idade mes abril/2017
2017 96	03/04/2017	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal mes marzo/2017
Recibo 20449	30/03/2017	5,90	Autopista Central Gallega	Peaxe autoestrada Fea-Bandeira para levar o camión de recollida do lixo 9047HPG a revisión a Ourense
Liquidación		56,25	Sabio Sanz Carmen Adela	Quilometraxe do mes de marzo/2017 polo desenvolvemento do programa de Educación Familiar
Liquidación		190,00	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo/2017
Liquidación		279,50	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo/2017
Liquidación		103,75	Iglesias Parada M <sup>a</sup> Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo/2017
Liquidación		192,50	Vilariño Rodríguez M <sup>a</sup> Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo/2017
Liquidación		240,00	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes marzo/2017

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

### 5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.


Dáse conta das seguintes Resolucións da Alcaldía do mes de marzo:

DECRETO	DATA	
61	01/03/2017	Alta padrón municipal de habitantes
62	02/03/2017	Altas no padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do exercicio 2017
63	02/03/2017	Alta no padrón municipal de habitantes
64	03/03/2017	Aprobando modificación pregos técnicos para a subvención nominativa á Deputación para a adquisición de 2 vehículos
65	03/03/2017	Aprobación trienios persoal municipal
66	03/03/2017	Alta no padrón municipal de habitantes
67	06/03/2017	Adxudicación, como contrato menor, da obra de ampliación da rede de abastecemento ao cemiterio de Santa Cruz á empresa Construcciones Boqueixón, S.L
68	06/03/2017	Alta no padrón municipal de habitantes
69	06/03/2017	Aprobación solicitude de subvención técnicos turismo Deputación 2017 (8 meses)
70	07/03/2017	Adxudicación, como contrato menor, da obra de ampliación da rede de abastecemento de Sol a Galegos



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com




		á empresa Construcciones Boqueixón, S.L
71	08/03/2017	Ampliación intensidade SAF a A-S. T.N.
72	08/03/2017	Concesión axuda de emerxencia social a F.R.A
73	08/03/2017	Delegación funcións Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde os días 14 e 15 de marzo
74	08/03/2017	Aprobación e pago facturas Obradoiro de Emprego para a súa xustificación final
75	08/03/2017	Delegando na 1ª Tenente de Alcalde, dona Mª. Jesús Piñeiro, para aprobación factura de Droguería – Ferretería El Sol, S.L do Obradoiro de Emprego
76	08/03/2017	Altas no padrón municipal de habitantes
77	09/03/2017	Aprobación factura de Droguería –Ferretería El Sol, S.L para Obradoiro de Emprego
78	10/03/2017	Requirimento a don M.P.C por incumprimento da lei de incendios
79	10/03/2017	Cambio titularidade recibo taxa lixo da vivenda sita no nº 8 de Sete-Santa Cruz de Ribadulla
80	10/03/2017	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo da nave nº 1 de Castro –Ponte Ulla
81	10/03/2017	Concesión licenza para posesión can de raza perigosa a E.M.T
82	10/03/2017	Concesión licenza para posesión can de raza perigosa a L.A.P
83	10/03/2017	Concesión licenza para posesión can de raza perigosa a S.V. V
84	10/03/2017	Concesión licenza para posesión can de raza perigosa a N.F.G
85	10/03/2017	Arquivo expediente de limpeza de finca en Nande
86	13/03/2017	Alta padrón municipal de habitantes
87	14/03/2017	Alta padrón municipal de habitantes
88	14/03/2017	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes
89	16/03/2017	Alta padrón municipal de habitantes
90	16/03/2017	Requirimento a Hrdos de E.G. B por incumprimento da lei de incendios
91	16/03/2017	Requirimento por incumprimento da lei de incendios a M.P.C
92	16/03/2017	Alta padrón municipal de habitantes
93	17/03/2017	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes
94	20/03/2017	Cambio epígrafe recibos taxas lixo e sumidoiros inmobile núm. 26 de Matelo –San Xián
95	22/03/2017	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes
96	22/03/2017	Alta padrón municipal de habitantes
97	27/03/2017	Cambio titularidade recibo taxa recollida de lixo da vivenda nº 12 de Marzán de Arriba -Vedra
98	27/03/2017	Delegación funcións Alcaldía na 1ª Tenente de Alcalde o día 31 de marzo
99	29/03/2017	Aprobando incrementos salariais de diverso persoal por aumento de tarefas, responsabilidades e/ou



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		dispoñibilidade
100	29/03/2017	Concesión axuda de emerxencia social
101	29/03/2017	Concesión axuda de emerxencia social
102	29/03/2017	Alta padrón municipal de habitantes
103	29/03/2017	Adhesión ao Programa de Financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios para o exercicio 2017
104	29/03/2017	Concesión de axuda de emerxencia social
105	31/03/2017	Solicitude Obradoiro de Emprego Boqueixón- Vedra 2017, aprobación proxecto e adquisición compromisos

A Xunta de Goberno dáse por informada.

### 6º.- Outros asuntos.

#### 6.1.- Renovación autorización establecemento dedicado a furancho.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por don Victor M. González Carreira, para renovar a autorización concedida para pór en funcionamento un establecemento dedicado a FURANCHO no lugar de Ximonde, 8 (San Miguel de Sarandón-Vedra).

Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial, debendo comunicar o peche do establecemento ao finalizar o período autorizado, sen que isto supoña baixa da actividade, e a nova apertura na tempada seguinte achegando a seguinte documentación:

- Renovación do seguro de responsabilidade civil.
- Documentación acreditativa de ter realizado as declaracións obrigatorias do viño e memoria da cantidade de viño da que se dispón para a tempada.
- Análise do viño da nova tempada.

O novo período de apertura será do 3 de abril ao 30 de xuño de 2017. Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

#### 6.2.- Padrón fiscal do SAF do 1º trimestre.

Dáse conta do padrón fiscal da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao 1º trimestre de 2017, cuxo resumo é o seguinte

	Nº usuarios	Importe
Usuarios Dependentes	32	11.812,78
Libre concorrencia	21	3.404,34

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado padrón.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos.